

Abril mes dos libros

- *O meu conto favorito*

Exposición colectiva sobre os contos preferidos na nosa infancia, que iremos elaborando coas aportacións de toda a comunidade escolar.

- *Na BBS todos contamos*

Contacontos dos recreos do mes de abril a cargo de nais, pais, avós, avoas...

- *Sete contos para contar e xogar* (2º ciclo ao longo do 3º trimestre)

Actividade de animación á lectura en torno a sete contos tradicionais: Carapuchiña vermella, O gato con botas, Cincenta, Polgariño, Hänsel e Gretel, Brancaneves e O patino feo. A lectura e actividades en torno aos contos complementarase cun xogo da oca e un álbum individual de imaxes e fragmentos destes contos.

- *Hans Christian Andersen? E ese quen é?* (2º e 3º ciclo)

Actividade de busca documental centrada na vida e obra de Hans Christian Andersen.

- *Apadriñamos lector@s– 25 de abril*

Na tarde do 25 de abril volveremos ter madriñas e padriños lectores na nosa escola. Desta vez un grupo de antig@s alumn@s e o alumnado de 5º e 6º agasallarán coa lectura dun conto ao alumnado de 1º a 4º . Previamente leremos o manifesto da OEPLI para conmemorar o Día do Libro Infantil e Xuvenil. E despois ... agárdanos algunha sorpresa.

- *Encontro con Anxo Fariña– 2 de maio*

O escritor e ilustrador Anxo Fariña terá un encontro co alumnado de terceiro ciclo para falar sobre a súa obra, centrándose especialmente na serie dos **Megatoxos** e no libro **A chave da Atlántida**, obra lida nas aulas de 5º e 6º.